# MEMORIA DE CALIDADE
# FACULTADE DE BIOLOXÍA

## Curso Académico: 2013-2014

| | |
|---|---|
| Introdución | p. 3 |
| A Facultade de Bioloxía para o desenvolvemento do SGIC | p. 4 |
| Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade | p. 7 |
| *Actuacións máis relevantes* | p. 8 |
| *Indicadores do SGIC* | p. 9 |
| Plan de melloras da Facultade de Bioloxía do curso 2014-2015 | p. 19 |
| Anexo 1. Informes de seguimento | p. 23 |
| Anexo 2. Plans de mellora das titulacións | p. 24 |

## Introdución

Nesta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2013-2014, recóllese información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos no centro e ao plan de melloras dos títulos e do centro (novas propostas para o curso 2014-2015), incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos.

Esta Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía correspondente ao curso 2013-2014 foi aprobada pola Comisión de Calidade con data 9/02/2015 e ratificada en Xunta de Facultade con data 13/02/2015.

# Estrutura da Facultade de Bioloxía para o desenvolvemento do SGIC

**Ámbito de aplicación.** O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2013-2014 atinxe a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2013-2014 foron:

- Grao en Bioloxía.
- Máster en Acuicultura (2ª ed.).
- Máster en Neurociencia (2ª ed.).
- Máster en Bioloxía Mariña.
- Máster en Medio Ambiente e Recursos Naturais.
- Máster en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural.
- Licenciatura en Bioloxía (en extinción).

No caso da Licenciatura en Bioloxía, non se impartiu docencia durante o curso 2013-2014, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación e sendo este o penúltimo curso no que se realizan exames desta titulación.

No 2013-2014 foi o último curso no que se impartiron os másteres de Medio Ambiente e Recursos Naturais e de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural, xa que ningún dos dous chegou ao número de 20 alumnado durante dito curso académico. Ao tratarse dun títulos en extinción, non se teñen en conta os informes de seguimento para o curso 2013-2014. Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan a esta memoria de calidade correspóndense co Grao en Bioloxía, o Máster en Acuicultura, o Máster en Neurociencia e o Máster en Bioloxía Mariña.

**Documentación de referencia.** Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria de Grado en Bioloxía da USC.
- Memoria do Máster en Acuicultura (2ª ed.).
- Memoria do Máster en Neurociencia (2ª ed.).

- Memoria do Máster en Bioloxía Mariña.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade en Bioloxía.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno do Máster Interuniversitario en Acuicultura.
- Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña.

**Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía.** Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as comisións de título, o/a responsable de calidade do centro e os/as coordinadores/as de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía, así coma no seu Regulamento de Réxime Interno.

| MEMBROS DA CCC |
| --- |
| O decano ou decana, que a presidirá e convocará. |
| Un vicedecano ou vicedecana, que será o/a Responsable de Calidade do Centro. |
| O secretario ou secretaria do Centro, que o será tamén da Comisión. |
| Os coordinadores ou coordinadoras das titulacións adscritas ao Centro. |
| Coordinador/a de cada un dos cursos do grao. |
| O/a responsable da Unidade de apoio á xestión. |
| 2 representantes do profesorado. |
| 1 representante do alumnado de 1º ou 2º ciclo. |

Tal e como consta no Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade, son <u>funcións da Comisión de Calidade</u>:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias: informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora; e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título.

Durante o curso 2013-2014, celebrouse únicamente a seguinte reunión da Comisión de Calidade:

- **13/12/2013**. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- o Aprobación dos informes de seguimento de títulos (Grao e másteres) adscritos á Facultade.
- o Revisión do SGIC da Facultade de Bioloxía.
- o Elaboración do Plan de Mellora.
- o Rogos e preguntas.

## Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade[1]

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

En maio de 2010 a Facultade de Bioloxía dispuxo do seu primeiro Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia consistía nun "Manual del Sistema de Gestión Interna de Calidad (MSGIC)", onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos y Procedimientos". A comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do SGIC que obrigou a unha modificación do SGIC do centro. A Xunta de Facultade aprobou a correspondente modificación o 13 de decembro de 2013. Con esta modificación, simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC. Tamén se definiu a **política de calidade do centro**, que segue vixente na actualidade.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía", así como o "Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Bioloxía, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía Interna de Calidade.

http://www.usc.es/gl/centros/bioloxia/SGIC.html

O 26 de novembro de 2014 a Comisión de Calidade do Centro aprobou unha modificación do SGIC do apartado 5 (Indicadores). Nesta modificación engadironse informes complementario e se cambiaron por informes algúns dos indicadores definidos na versión incial. Esta modificación foi informada en Xunta de Faultade e

[1] O seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade lévase a cabo segundo o proceso F02-PM-01.

está pendente de aprobación por Consello de Goberno.

A **documentación relativa ao SGIC en vigor** durante o curso 2013-2014 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento (proceso de control dos documentos e dos rexistros, PS-04), estando a introducir neste momento algúns documentos integrados na Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión (informes de seguimento dos títulos e plans de mellora).

## Actuacións máis relevantes

Como aspectos máis salientables tratados nas reunións da Comisión de Calidade, cabe destacar os seguintes:

*Modificación do SGIC*. Na reunión do 11/13/2013 infórmase de que a Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou unha nova versión do Sistema de Garantía Interna de Calidade da institución, que require dunha adaptación dos manuais por parte dos centros. O manual do centro modificado foi aprobado pola Xunta de Facultade o 13/12/2013.

## Indicadores do SGIC

Os indicadores que se amosan calculáronse agregando os datos dos títulos impartidos no 2013-2014: Grao en Bioloxía (GB), Máster en Acuicultura (MA), Máster en Neurociencia (MN), Máster en Bioloxía Mariña (MBM), Máster de Medio Ambiente e Recursos Naturais (MMARN) e Máster de Biodiversidade e Conservación do Medio Natural (MBCMN). Na relación de indicadores considerados, presentarase a súa definición e indicarase de que titulacións proveñen os datos. Débese notar que os indicadores se proporcionan tamén desagregados por nivel de estudos e titulacións. No caso dos másteres interuniversitarios (MA, MN e MBM), o alumnado contabilizado é o matriculado na USC. Na comparativa realizada cos datos de 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014, cabe salientar que para estes cursos os datos proveñen das mesmas titulacións (con anterioridade non comezara a impartirse o Máster en Bioloxía Mariña). Non obstante no curso 2011-2012 non estaba implantado o 4º curso do grado, de xeito que os datos non son estritamente comparables. Os resultados dos indicadores como totais para o centro ou desagregados en grao e total de máster recóllense na Táboa 1. Na Táboa 2 preséntanse os resultados dos indicadores para cada unha das titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía. Os aspectos máis relevantes iranse comentando de seguido. Ao considerarmos tan só tres anos, non resultaría correcto falar de tendencias, polo que os comentarios restrínxense á comparativa entre os tres cursos.

**IN01C-PC-05 Prazas ofertadas.** Prazas ofertadas para o curso académico 2013-2014. Datos de GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*Increméntase en 3 prazas á oferta da Facultade de Bioloxía con respecto aos cursos 2012-2013 e 2011-2012. Isto débese exclusivamente a modificacións no número de prazas ofertadas no MA, MBCMN e MMARN (Táboa 2).*

**IN02C-PC-05 Matrícula.** Número de estudantes matriculados no curso 2013-2014 sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade. Datos de GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*O número total de alumnado matriculado no centro no curso 2013-2014 é de 723 (84 e 219 máis que en 2012-2013 e en 2011-2012 respectivamente), o que supón un incremento do 13% e 43% respecto aos dous cursos anteriores respectivamente. O incremento débese principalmente a GB. Os datos do*

*2011-2012 non inclúen o 4º curso, de xeito que non son comparables. Non obstante, en 2013-2014 pasou de 562 a 634 alumnos/as respecto a 2012-2013. Este incremento de 72 alumnos/as débese a que aínda que hai unha elevada taxa de abandono (ver IN40-S01-PM-01 e IN41C-S01-PM-01), dada a baixa taxa de graduación do alumnado (IN37C-S01-PM-01), cada ano estes aumentan. Isto pode chegar a converterse nun problema si se consolida como unha tendencia (é complicado manter un aumento de máis de 70 alumnos/as ao ano). Os outros títulos teñen variacións de entre 0 e 8 alumnos/as.*

**IN03C-PC-05 Matrícula de novo ingreso.** Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Datos de GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*A matrícula de novo ingreso no curso 2013-2014 presentou unha diminución do 1 e 6% respecto aos dos cursos anteriores respectivamente; pasando de 244 e 233 alumnos/as de novo ingreso nos cursos 2011-2012 e 2012-2013 respectivamente a 230 no curso 2013-2014. O GB amosa un importante descenso do número de estudantes pasando de 196, a 172 e 163 nestes tres cursos de xeito consecutivo. Os másteres non presentan demasiadas diferenzas no número de estudantes sendo MMARN o que presentou a maior diminución e MBCMN o maior aumento (Táboa 2).*

**IN04C-PC-05 Matrícula de inicio de estudos.** Número de estudantes que se matriculan en 1º curso dun plan de estudos por 1ª vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción. Datos de GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*A matrícula de novo ingreso no curso 2013-2014 presentou un aumento do 4% e 13% respecto á dos cursos 2011-2012 e 2012-2013 respectivamente, pasando de 190 a 206 e 214 alumnos/as de novo ingreso nos cursos 2011-2012 e 2012-2013 e 2013-2014, respectivamente. O GB amosa un número de estudantes similar, namentres que nos másteres prodúcense maiores flutuacións, sendo MMARN o que presentou a maior diminución e MBCMN o maior aumento (Táboa 2). Debe terse en conta a diferenza entre o IN03 e o IN04 (novo ingreso vs. inicio de estudos), contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación de estudos. En calquera caso, as diferenzas non son relevantes entre os tres cursos académicos.*

**IN05C-PC-05 Variación da matrícula de inicio de estudos.** Taxa de variación relativa (en porcentaxe) da matrícula de inicio de estudos. Datos de GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*Durante os cursos referidos a matrícula de inicio de estudos aumentou un 8,9 e 3,9%. Véxanse comentarios relativos ao IN04.*

**IN08C-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados:** Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados no centro é dun 2,8% no curso 2013-2014, maior que nos cursos anteriores 2011-2012 e 2012-2013 cun 2,2 e 1,3 respectivamente. Esta porcentaxe é baixa en comparación coa media nacional do 4,8%, que presenta un claro incremento anual dende o curso 2008-2009[2], sendo Galicia unha das comunidades que menos alumnado recibe do territorio nacional, especialmente en estudos de grao. O porcentaxe é moito maior nos másteres (chegando ata o 44,4% no MBCMN) respecto ao grao (que non chega a superar o 1%; Táboa 2).*

**IN09C-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.** Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*Con respecto aos estudantes nacionais de fóra de Galicia, a súa porcentaxe é de 5,8%, aumentando o dos cursos anteriores (4,4 e 5,0 nos cursos 2011-2012 e 2012-2013, respectivamente). De novo, o igual que no IN08C-PC-05, este valor é moito maior nos másteres, especialmente MA, MBCMN e MBM (o MBM variou entre 40 e 62,5%) respecto ao grao (que non chega a superar o 3,6%; Táboa 2).*

**IN17C-PC-05 Porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade.** Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN.

*A porcentaxe de estudantes do curso 2013-2014 enviados en programas de mobilidade aumentou respecto a cursos anteriores, pasando do 1,6% nestes cursos o 2,2%. Esta porcentaxe débese unicamente ao GB onde chega ao 2,5%, mentres que nos másteres non pasa do 0% (Táboa 2).*

---

[2] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

**IN18C-PC-05 Porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade.** Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN. Contabilízanse os estudantes que teñen como destino a Facultade de Bioloxía, entendendo como tales aqueles para os que o maior número de créditos matriculados corresponde ao noso centro.

*A porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade é maior ca de estudantes enviados, un 3,5% no curso 2013-2014. Neste curso produciuse un notable incremento respecto aos cursos 2011-2012 e 2012-2013 que tiveron valores de 1,4 e 3,0 respectivamente. A maioría do alumnado pertence ao grao, e de xeito excepcional recibiron alumnos/as os MBCMN e MN no curso 2011-2012 e o MBM no curso 2012-2013 (Táboa 2).*

**IN24C-PS-01 Porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total.** Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia nos títulos. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

*O 86,0% do profesorado que imparte docencia nas titulacións do centro posúe algún sexenio no curso 2013-2014, máis de dous puntos porcentuais por embaixo do valor no curso 2012-2013 (88,5%) e por enriba do curso 2011-2012 (85,0%). Estas porcentaxes son moi similares á media nacional para o curso 2012-2013 do PDI de ciencias que é 84,8%[3]. As porcentaxes do GB son similares aos do MBM e MN, namentres que MA e MMARN teñen porcentaxes moi superiores (o último sempre preto do 100%). Pola contra MBCMN ten porcentaxes moito máis baixos en todos os cursos (entre o 67,7% e o 76,5%) (Táboa 2). Hai que ter en conta que a inclusión de profesorado non funcionario ou contratado doutor limita os valores desta porcentaxe, aínda que no caso do noso centro, dada a elevada porcentaxe de profesores/as funcionarios (IN26C-PS-01), parece que este valor non debe ser moi afectado. A importancia dos sexenios está a aumentar nos anos derradeiros, polo que este indicador poderá ter importantes repercusións no funcionamento dos centros. Na USC é un dos posibles requisitos para dirixir unha tese doutoral (Artigo 10. RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2012 pola que se acorda a publicación do Regulamento dos*

[3] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

*estudos de doutoramento daUniversidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno de 25 de xuño de 2012). Por outra banda, a lexislación actual (Real Decreto-ley 14/2012) utiliza os sexenios como un criterio de redución da carga docente (ata 16 créditos). Aínda sería máis interesante incluír indicadores referidos a sexenios "vivos" ou "activos" (que exclúen do incremento da carga docente ata 32 créditos), así coma a porcentaxe de sexenios concedidos fronte ao máximo posíbel. Dado que en España as porcentaxes de catedráticos con polo menos un sexenio son moito maiores cas dos titulares (96,2% fronte ao 79,4%[4] para o curso 2012-2013), dada a idade dos catedráticos do noso centro e cun horizonte de xubilacións próximo, este indicador pode ter unha tendencia á diminución nos vindeiros anos.*

**IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total.** Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

*A porcentaxe de PDI doutor diminuíu catro puntos porcentuais nos últimos cursos dende o 100% no curso 2011-2012 ata o 96,3% no curso 2013-2014 nas titulacións do centro. Aínda así estamos moi por enriba da media nacional para a rama de ciencias en universidades públicas para o cursos 2012-2013 (90,3%[5]). O descenso débese principalmente ao GB, xa que os másteres coa excepción do MBCMN no curso 2013-2014 presentan valores do 100% (Táboa 2).*

**IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total.** Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total. Calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nos títulos GB, MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN. Non se ten en conta o profesorado de áreas externas.

*A porcentaxe de PDI funcionario é do 79,8%, menor que nos dous cursos anteriores onde presentou un valor de 82,8%. Dado que o horizonte actual de incorporación de funcionarios ao cadro de persoal da USC está moi restrinxida, é de esperar que en anos sucesivos sufra un descenso. No curso 2013-2014 todas as titulación coas excepcións do MN e GB superaron o 80%.*

[4] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
[5] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

**IN34C-S01-PM-01 Taxa de rendemento.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A taxa de rendemento no grao é do 67,0% no curso 2013-2014, maior que nos cursos anteriores (61,9 e 66,2% nos cursos 2011-2012 e 2012-2013 respectivamente) mentres que nos títulos de máster increméntase ata o 88,4%. Non obstante, o valor dos másteres diminuíu durante os tres cursos 8 puntos porcentuais, debido principalmente ao baixo valor no curso 2013-2014 do MBCMN, cun 61,2% (Táboa 2). Respecto ao valor obtido no grado é un pouco inferior ao nacional en universidades públicas presenciais (73,7%[6]) e maior que para a rama de ciencias (64,7%), aínda que menor respecto a ciencias da vida (70,3%). Respecto aos másteres, o valor e un pouco inferior ao nacional en universidades públicas presenciais (89,2%[7], 89,8% en rama de ciencias e 92,7% en ciencias da vida).*

**IN35C-S01-PM-01 Taxa de éxito.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A taxa de éxito é do 76,5% en grao no curso 2013-2014, moi similar aos cursos anteriores (76,6 e 76,7%), e do 99,9% en máster, de novo moi similar á dos cursos anteriores (99,7%). Respecto ao valor obtido no grado, é inferior ao nacional en universidades públicas presenciais (83,7%[8]) e para a rama de ciencias (78,1%).*

**IN36C-S01-PM-01 Taxa de avaliación.** Porcentaxe entre número de créditos ordinarios presentados entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados). Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A taxa de avaliación é do 87,6% en grao no curso 2013-2014, similar ao curso*

[6] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
[7] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
[8] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

*2012-2013 (86,4%) e maior que no 2011-2012 (80,7%), e do 93,88% en máster, menor que en cursos anteriores (94,0 e 96,8% nos cursos 2012-2013 e 2011-2012 respectivamente). De novo o descenso testa taxa nos másteres é debido principalmente ao baixo valor no curso 2013-2014 do MBCMN cun 61,2% (Táboa 2). Respecto ao valor obtido no grao é similar ao nacional en universidades públicas presenciais (88,0%[9]) e maior que para a rama de ciencias (82,9%).*

**IN37C-S01-PM-01 Taxa de graduación.** Porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A taxa de graduación é do 33,6% en grao no curso 2013-2014 e do 83% en máster (inferior á dos cursos previos cun 85,7 e 89,8% nos cursos 2012-2013 e 2011-2012 respectivamente). Mentres que MA, MBCMN e MMARN presentan valores por enriba do 80%, MBM e MN presentan valores moi inferiores nalgún curso por embaixo do 70% (Táboa 2).*

**IN38C-S01-PM-01 Eficiencia dos titulados.** Porcentaxe entre o número total de créditos do plan de estudos nos que deberon matricularse ao longo dos seus estudos o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos que realmente se matricularon. Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A eficiencia dos titulados sitúase nun 94,4% para grao no curso 2013-2014, menor que no curso anterior (99,4%), e nun 98,0% para máster, valores similares aos dos cursos anteriores (97,2 e 99,7% nos cursos 2012-2013 e 2011-2012 respectivamente).*

**IN40C-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso.** Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso, que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X. Só calculado para GB.

*A taxa de abandono no primeiro curso de GB reduciuse do 31,5% no curso 2012-2013 ao 20,1% no curso 2013-2014. Hai que ter en conta que este valor se aproxima á taxa a nivel nacional para a cohorte de ingreso 2009-2010 cun*

[9] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

*valor do 19,6% nas universidades públicas (18,3% na rama de ciencias), aínda que en Galicia é máis baixo* (*13.6%*[10]).

**IN41C-S01-PM-01 Taxa de abandono RD1393.** Porcentaxe entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Indicador calculado para grao e máster (MA, MN, MBM, MMARN e MBCMN).

*A taxa de abandono segundo o RD13913 é o 22,8% no grao e do 14,6% en máster (que flutuou nos cursos anteriores entre o 12,7 e 0,0% nos cursos 2012-2013 e 2011-2012 respectivamente). Nos másteres repítese a cotío en diferentes cursos o valor de 0%, non superando nunca o 20%, coa excepción do MN no curso 2011-2012 cun 46,7%.*

[10] Fonte: Datos básicos del Sistema Universitario Español. Curso 2013-2014. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

| INDICADOR | DESCRICIÓN | VALOR (28/09/2012) | VALOR (30/09/2013) | VALOR (10/10/2014) |
|---|---|---|---|---|
| IN01C-PC-05 | Prazas ofertadas | 250 | 250 | 253 |
| IN02C-PC-05 | Matrícula | 504 | 639 | 723 |
| IN03C-PC-05 | Matrícula de novo ingreso | 244 | 233 | 230 |
| IN04C-PC-05 | Matrícula de inicio de estudos | 190 | 206 | 214 |
| IN05C-PC-05 | Variación da matrícula de inicio de estudos | -16.6 | 8.4 | 3.9 |
| IN08C-PC-05 | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | 2.2 | 1.3 | 2.8 |
| IN09C-PC-05 | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 4.4 | 5.0 | 5.8 |
| IN17C-PC-08 | Porcentaxe de estudantes enviados a programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 1.6 | 1.6 | 2.2 |
| IN18C-PC-08 | Porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados | 1.4 | 3.0 | 3.5 |
| IN24C-PS-01 | Porcentaxe PDI con sexenios sobre PDI total | 85.0 | 88.5 | 86.0 |
| IN25C-PS-01 | Porcentaxe PDI doutor sobre PDI total | 100 | 99.6 | 96.3 |
| IN26C-PS-01 | Porcentaxe PDI funcionario sobre PDI total | 82.8 | 82.8 | 79.8 |
| IN34C-S01-PM-01 | Taxa de rendemento | 61.9 (G)<br>96.5 (M) | 66.2 (G)<br>93.7 (M) | 67.0 (G)<br>88.4 (M) |
| IN35C-S01-PM-01 | Taxa de éxito | 76.7 (G)<br>99.7 (M) | 76.6 (G)<br>99.7 (M) | 76.5 (G)<br>99.9 (M) |
| IN36C-S01-PM-01 | Taxa de avaliación | 80.7 (G)<br>96.8 (M) | 86.4 (G)<br>94.0 (M) | 87.6 (G)<br>88.4 (M) |
| IN37C-S01-PM-01 | Taxa de graduación | - (G)<br>89.8 (M) | - (G)<br>85.7 (M) | 33.6 (G)<br>83.0 (M) |
| IN39C-S01-PM-01 | Eficiencia dos titulados | - (G)<br>97.2 (M) | 99.4 (G)<br>99.7 (M) | 94.4 (G)<br>98.0 (M) |
| IN40C-S01-PM-01 | Taxa de abandono durante o primeiro curso | - (G)<br>- (M) | 31.5 (G)<br>- (M) | 20.1 (G)<br>- (M) |
| IN41C-S01-PM-01 | Taxa de abandono RD1393 | - (G)<br>12.7 (M) | - (G)<br>0.0 (M) | 22.8 (G)<br>14.6 (M) |

***Táboa 1. Indicadores do SGIC para o curso2011-2012 (data de explotación: 28/09/2012), 2012-2013 (data de explotación: 30/09/2013) e o curso 2013-2014 (data de explotación: 10/10/2014). G: Grado; M: másteres.***

| | | MA | MBCMN | MMARN | MBM | MN | GB |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IN01C-PC-05 Prazas ofertadas | 13-14 | 10 | 23 | 30 | 10 | 30 | 150 |
| | 12-13 | 20 | 15 | 25 | 10 | 30 | 150 |
| | 11-12 | 15 | 15 | 30 | 10 | 30 | 150 |
| IN02C-PC-05 Matrícula | 13-14 | 17 | 18 | 10 | 16 | 28 | 634 |
| | 12-13 | 17 | 10 | 15 | 10 | 25 | 562 |
| | 11-12 | 13 | 5 | 12 | 8 | 34 | 432 |
| IN03C-PC-05 Matrícula de novo ingreso | 13-14 | 10 | 18 | 7 | 8 | 24 | 163 |
| | 12-13 | 8 | 10 | 15 | 7 | 21 | 172 |
| | 11-12 | 10 | 4 | 11 | 4 | 19 | 196 |
| IN04C-PC-05 Matrícula de inicio de estudos | 13-14 | 10 | 18 | 7 | 8 | 23 | 148 |
| | 12-13 | 8 | 10 | 15 | 7 | 21 | 145 |
| | 11-12 | 10 | 4 | 11 | 4 | 17 | 144 |
| IN05C-PC-05 Variación da matrícula de inicio de estudos | 13-14 | 25.0 | 80.0 | -53.3 | 14.3 | 9.5 | 2.1 |
| | 12-13 | -20.0 | 150.0 | 36.4 | 75.0 | 23.5 | 0.7 |
| | 11-12 | 66.7 | -77.8 | -56.0 | 0.0 | -32.0 | -3.4 |
| IN08C-PC-05 Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados | 13-14 | 17.7 | 44.4 | 10.0 | 0.0 | 7.1 | 1.0 |
| | 12-13 | 5.9 | 10.0 | 6.7 | 0.0 | 8.0 | 0.5 |
| | 11-12 | 7.7 | 20.0 | 16.7 | 0.0 | 11.8 | 0.7 |
| IN09C-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados | 13-14 | 23.5 | 11.1 | 10.0 | 62.5 | 7.1 | 3.6 |
| | 12-13 | 47.1 | 40.0 | 6.7 | 40.0 | 4.0 | 2.5 |
| | 11-12 | 46.2 | 20.0 | 0.0 | 50.0 | 11.8 | 2.1 |
| IN17C-PC-05 Porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade | 13-14 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 2.5 |
| | 12-13 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 1.8 |
| | 11-12 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 1.9 |
| IN18C-PC-05 Porcentaxe de estudantes recibidos en programas de mobilidade | 13-14 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 3.9 |
| | 12-13 | 0.0 | 0.0 | 0.0 | 10.0 | 0.0 | 3.2 |
| | 11-12 | 0.0 | 20.0 | 0.0 | 0.0 | 2.9 | 1.2 |
| IN24C-PS-01 Porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI total | 13-14 | 95.7 | 74.2 | 100.0 | 88.2 | 83.8 | 84.1 |
| | 12-13 | 95.5 | 76.5 | 100.0 | 83.3 | 86.8 | 88.9 |
| | 11-12 | 95.5 | 67.7 | 96.9 | 85.0 | 83.3 | 85.0 |
| IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total | 13-14 | 100.0 | 96.8 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 97.9 |
| | 12-13 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 99.1 |
| | 11-12 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 100.0 | 100.0 |
